

TÉCNICO/A ELECTRÓNICO/A GALEGO

1.- Indica en que artigo da Constitución Española de 1978 se regula que "*todos teñen dereito á vida e á integridade física e moral, sen que, en ningún caso, poidan ser sometidos a tortura nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes*":

- a) 10.
- b) 15.
- c) 14.
- d) 20.

2.- Segundo o artigo 16 da Constitución Española de 1978:

- a) Ninguén poderá ser obrigado a declarar sobre a súa ideoloxía, relixión ou crenzas.
- b) Ninguén poderá ser obrigado a declarar sobre a súa ideoloxía nin relixión pero si sobre as súas crenzas.
- c) Calquera poderá ser obrigado a declarar sobre a súa ideoloxía, relixión ou crenzas.
- d) Calquera poderá ser obrigado a declarar sobre a súa ideoloxía pero non sobre a súa relixión ou crenzas.

3.- Segundo o artigo 19 da Constitución Española do 1978 os españois teñen dereito a entrar e saír libremente de España:

- a) Salvo que este dereito se limite por motivos políticos
- b) Salvo que este dereito se limite por motivos ideolóxicos.
- c) Salvo que este dereito se limite por motivos políticos ou ideolóxicos.
- d) Este dereito no poderá ser limitado por motivos políticos ou ideolóxicos.

4.- O artigo 22 da Constitución Española do 1978 recoñece o dereito de asociación e establece que:

- a) Poden establecerse asociacións que persigan fins ou utilicen medios tipificados como delito.
- b) As asociacións non teñen que inscribirse en ningún rexistro.
- c) As asociacións poden ser suspendidas nas súas actividades por resolución administrativa.
- d) Se prohiben as asociacións secretas e as de carácter paramilitar.

5.- Segundo o artigo 27 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia corresponde á Comunidade Autónoma a organización das súas institucións de autogoberno. Indica de que tipo de competencia se trata:

- a) Compartida.
- b) Exclusiva.
- c) Específica.
- d) Complementaria.

6.- Segundo o artigo 34 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, no marco das normas básicas do Estado, corresponde á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución de:

- a) Unha Biblioteca de Galicia e os seus fondos documentais.
- b) A xestión dun Arquivo de Galicia.
- c) Unha Consellería de Cultura e a Real Academia Galega.
- d) O réxime de prensa e, en xeral, de todos os medios de comunicación social.

7.- Segundo o establecido no artigo 2 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, Xeral de Comunicación Audiovisual, como se denomina á persoa física ou xurídica que ten a responsabilidade editorial sobre a selección dos programas e contidos audiovisuais do servizo de comunicación audiovisual e determina a maneira na que se organiza o dito contido:

- a) Facilitador de contidos.
- b) Prestador do servizo de comunicación audiovisual.
- c) Editor do servizo.
- d) Comunicador.

8.- Segundo o establecido no artigo 7 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual, en relación coas persoas con discapacidade sinalar a resposta incorrecta:

- a) A comunicación audiovisual favorecerá unha imaxe axustada das persoas con discapacidade.
- b) A comunicación audiovisual favorecerá unha imaxe respectuosa das persoas con discapacidade.
- c) A comunicación audiovisual favorecerá unha imaxe inclusiva das persoas con discapacidade.
- d) A comunicación audiovisual favorecerá unha imaxe estereotipada das persoas con discapacidade.

9.- Segundo o establecido no artigo 3 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de Galicia, a emisión do servizo público da Corporación RTVG comprende o ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) E poderá estenderse a cobertura ao territorio de calquera outra comunidade autónoma.
- b) E poderá estenderse a cobertura ao territorio dunha comunidade autónoma limítrofe e con afinidades culturais e lingüísticas.
- c) E non poderá estenderse ao territorio de ningunha outra comunidade autónoma.
- d) E poderá estenderse ao conxunto do territorio nacional.

10.- Segundo o establecido no artigo 12 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de Galicia, son órganos da Corporación RTVG os seguintes:

- a) O Consello de Administración e a Directora ou Director Xeral.
- b) A Xunta de Accionistas e a Directora ou Director Xeral.
- c) A Xerencia e o Consello de Dirección.
- d) O Consello de Accionistas e a Xerencia.

11.- Segundo o establecido no artigo 16 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de Galicia, a duración do mandato das persoas membros do consello de administración, contado dende o seu nomeamento, é de:

- a) Cinco anos
- b) Dez anos
- c) Tres anos
- d) Dous anos

12.- Segundo o establecido no artigo 2 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores/as cal das seguintes NON é unha relación laboral de carácter especial:

- a) Servizo do fogar familiar.
- b) Deportistas profesionais.
- c) Traballadores/as con discapacidade que prestan os seus servizos en centros especiais de emprego.
- d) Persoal docente en centros de ensino.

13.- Segundo o establecido no artigo 18 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores/as:

- a) Non poden realizarse rexistros sobre a persoa do traballador/a.
- b) Poden realizarse rexistros sobre a persoa do traballador/a en todo caso.
- c) Poden realizarse rexistros sobre a persoa do traballador/a cando sexan necesarios para a protección do patrimonio empresarial.
- d) Poden realizarse rexistros sobre a persoa do traballador/a fóra das horas de traballo.

14.- Segundo o establecido no artigo 20 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores/as o traballador está obrigado a realizar o traballo:

- a) De xeito autónomo.
- b) Baixo a dirección do empresario ou persoa en quen delegue.
- c) Baixo a dirección da inspección de traballo.
- d) Segundo os usos e costumes da súa actividade profesional.

15.- Segundo o establecido no artigo 49 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores/as o contrato do traballo extinguirase:

- a) Por mutuo acordo das partes.
- b) Por xubilación da persoa traballadora.
- c) Por despedimento da persoa traballadora.
- d) Todas as anteriores son causas de extinción do contrato de traballo.

16.- Segundo o establecido no artigo 54 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores/as cal das seguintes se considera un incumprimento contractual:

- a) Faltas esporádicas de asistencia ou puntualidade ao traballo.
- b) Diminución involuntaria do rendemento do traballo normal ou pactado.
- c) Embriaguez habitual ou toxicomanía se repercuten negativamente no traballo.
- d) Ofensas físicas ao empresario, excluindo expresamente as ofensas verbais.

17.- Segundo o establecido no artigo 2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, as disposicións da dita lei:

- a) Non poden ser melloradas nin desenvolvidas nos convenios colectivos.
- b) Poden ser melloradas e desenvolvidas nos convenios colectivos.
- c) Poder non ser aplicadas na súa totalidade se así o recollen os convenios colectivos.
- d) Poden aplicarse de xeito parcial se así o recollen os convenios colectivos.

18.- Segundo o establecido no artigo 4 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, a que termo corresponde a seguinte definición "*Calquera máquina, aparato, instrumento ou instalación utilizada no traballo*":

- a) Condición de traballo.
- b) Proceso de traballo.
- c) Equipo de traballo.
- d) Cadea produtiva.

19.- Segundo o establecido no artigo 14 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, o custo das medidas relativas á seguridade e a saúde no traballo:

- a) Recae por metades na empresa e a persoa traballadora.
- b) Recae na súa totalidade na persoa traballadora.
- c) Non deberán recaer en modo algún sobre os/as traballadores/as.
- d) Recae entre a empresa e a persoa traballadora na proporción que se estableza no convenio colectivo.

20.- Segundo o establecido no artigo 26 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, as traballadoras embarazadas terán dereito a ausentarse do traballo para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto:

- a) Con dereito a remuneración
- b) Sen dereito a remuneración
- c) Con recuperación do tempo investido en todo caso
- d) Sen necesidade de preaviso ao/á empresario/a

21.- O artigo 1 do Convenio Colectivo da CRTVG (DOG nº167 do 2 de setembro do 2015) exclúe do seu ámbito de aplicación:

- a) Ao persoal que ten asinado un contrato de relevo.
- b) Ao persoal na situación de xubilación parcial.
- c) Ao persoal na situación de baixa por maternidade.
- d) Ao persoal que ten asinado un contrato artístico.

22.- Segundo o artigo 17 do Convenio Colectivo da CRTVG (DOG nº167 do 2 de setembro do 2015) no acceso á condición de laboral fixo a provisión de vacantes realizarase mediante:

- a) Oposición libre.
- b) Concurso-Oposición.
- c) Concurso de méritos.
- d) Concurso de traslados.

23.- O artigo 35 do Convenio Colectivo da CRTVG (DOG nº167 do 2 de setembro do 2015) considera período nocturno:

- a) O comprendido entre as 22:00 e as 07:00 horas do día seguinte.
- b) O comprendido entre as 21:00 e as 07:00 horas do día seguinte.
- c) O comprendido entre as 20:00 e as 07:00 horas do día seguinte.
- d) O comprendido entre as 20:30 e as 07:00 horas do día seguinte.

24.- Cantos niveis económicos establece o artigo 51 do Convenio Colectivo da CRTVG (DOG nº167 do 2 de setembro do 2015):

- a) Dez
- b) Nove
- c) Oito
- d) Sete

25.- O artigo 92 do Convenio Colectivo da CRTVG (DOG nº167 do 2 de setembro do 2015) establece o despedimento como sanción para o caso da comisión de faltas:

- a) Moi graves
- b) Graves
- c) Leves
- d) Para calquera tipo de falta.

26.- Segundo o artigo 107 do Convenio Colectivo da CRTVG (DOG nº167 do 2 de setembro do 2015) cal dos seguintes NON é un representante dos/as traballadores/as:

- a) Membros do Comité de Empresa.
- b) Delegados/as de persoal.
- c) Delegados/as das seccións sindicais.
- d) Todos son representantes dos traballadores/as.

27.- Segundo o establecido no artigo 4 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia a situación na que se atopa unha persoa que sexa, tivera sido ou puidese se tratada de maneira menos favorable que outra en situación comparable considérase:

- a) Discriminación indirecta.
- b) Discriminación directa.
- c) Acoso por razón de sexo.
- d) Acoso sexual.

28.- Cal dos seguintes tipos de discriminación non se recolle no Título I da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia:

- a) Discriminación por maternidade.
- b) Discriminación sexista por asociación.
- c) Discriminación sexista múltiple.
- d) Discriminación sexista biolóxica.

29.- Segundo o establecido no artigo 60 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia, a administración autonómica fomentará o debate electoral sobre cuestións de xénero, a través dun incremento do tempo gratuíto de propaganda electoral dun:

- a) Cinco por cento.
- b) Oito por cento.
- c) Dez por cento.
- d) Vinte por cento.

30.- Segundo o establecido no artigo 167 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia elaborárase unha declaración de principios de tolerancia cero en materia de acoso sexual e de acoso por razón de sexo nos que constará:

- a) A definición do acoso sexual a través de exemplos complicados e de difícil comprensión.
- b) O recordatorio de que só o persoal directivo debe de respectar a dignidade da persoa.
- c) A explicación do procedemento formal de solución.
- d) A identificación, en cada unidade administrativa ou centro de traballo, do asesor ou asesora confidencial.

31.- O proceso de modulación:

- a) Consiste en partir a onda para descompoñela nos módulos de Fourier.
- b) Consegue que o sinal modulador sexa transportado por unha onda de maior frecuencia chamada portadora.
- c) Consegue que o sinal portador sexa transportado por unha onda de maior frecuencia chamada moduladora.
- d) Consegue que o sinal portador sexa modificado por unha onda de maior frecuencia chamada moduladora.

32.- O valor eficaz dunha onda:

- a) Mide o preto que está a onda de parecerse a unha onda cadrada.
- b) Mide o preto que está a onda de parecerse a unha onda en dente de serra.
- c) Representa o valor da corrente continua equivalente, que disipa a mesma potencia que a onda complexa sobre unha resistencia.
- d) Representa o valor da amplitude, que disipa a mesma potencia que a onda senoidal simple.

33.- Nas bobinas atravesadas por corrente alterna:

- a) A caída de tensión nelas é debida á resistencia do condutor que as forma e ao fenómeno de autoinducción.
- b) O fenómeno de autoinducción aplícase só a bobinas sen resistencia.
- c) Prodúcese a autoinducción, na que se xera unha forza electromotriz que axuda á condución no material.
- d) Prodúcese a autoinducción, na que se xera unha forza contraelectromotriz que axuda á condución no material.

34.- Nun condensador excitado mediante unha tensión alterna:

- a) A tensión e a corrente están en fase.
- b) A corrente desfasa 180 graos á tensión.

- c) A tensión desfasa 90 graos á corrente.
- d) O desfasamento da corrente á tensión depende da potencia reactiva.

35.- O DIAC ten accesibles mediante as súas patillas:

- a) Tres conexións.
- b) Catro conexións.
- c) Tres conexións e dúas unións pn.
- d) Ningunha das outras repostas é certa.

36.- O díodo zener:

- a) Só pode traballar en polarización inversa e por baixo da tensión de ruptura.
- b) Se se lle aplica unha corrente eléctrica de ánodo ao cátodo, toma as características dun díodo rectificador básico.
- c) Está preparado para conducir só a partir dun valor límite de temperatura ambiente.
- d) É un tipo de díodo emisor de luz (LED)

37.- O dispositivo que se presta mellor ao chamado control de fase é:

- a) O transistor uniunión.
- b) O triac.
- c) O diac.
- d) O tiristor.

38.- O tiristor:

- a) É un dispositivo que consta dun ánodo e un cátodo, onde as unións son de tipo PNPN entre os mesmos.
- b) Para provocar o seu disparo é indispensable que un feixe de luz incida sobre o mesmo.
- c) Non son recomendables en aplicacións de fontes de alimentación.
- d) Todas son correctas.

39.- No transistor BJT, a ganancia de corrente emisor común está representada por h_{fe} e representa:

- a) A relación entre as correntes de emisor e base.
- b) A relación entre as correntes de colector e emisor.
- c) A relación entre as correntes de colector e base.
- d) A relación entre as correntes de emisor e colector.

40.- Oé un parámetro relacionado co número máximo de portas a conectar á saída dunha porta lóxica:

- a) Big fan.
- b) Fan in.
- c) Tempo de propagación.
- d) Fan out.

41.- O número 1010110_{base2} correspóndese en decimal co:

- a) 17.
- b) 94.
- c) 314.
- d) 86.

42.- A un biestable síncrono introdúceselle pola súa entrada /PR un nivel baixo e un nivel alto na entrada CLEAR, a súa saída será:

- a) O estado anterior, pero negado.
- b) Varía entre $Q=0$ e $Q=1$ con cada flanco de subida ou baixada do sinal do reloxo.
- c) $Q=1$.
- d) $Q=0$.

43.- O circuíto de reset en frío dun sistema dixital serve para:

- a) Poñer a 1 as saídas dos biestables no momento en que se conecta o circuíto.
- b) Poñer a saída do primeiro biestable a 0.
- c) Poñer a 1 as saídas dos biestables no momento que se desexe.
- d) Poñer a 0 as saídas dos biestables no momento en que se conecta o circuíto.

44.- O protocolo RS-232 para a transmisión de datos usa lóxica:

- a) Negativa.
- b) Positiva.
- c) De alta impedancia.
- d) Neutra.

45.- O é un instrumento de medida moi usado en reparación pola súa facilidade de uso e prestacións en circuítos dixitais:

- a) Medidor de campo.
- b) Xerador de radio frecuencia.

- c) Medidor de inductancias.
- d) Multímetro.

46.- Os sinais /NIVEL e /CAS úsanse nas memorias:

- a) DRAM.
- b) EEPROM.
- c) SRAM.
- d) Flash.

47.- O rexistro MAR dun sistema de computación está relacionado con:

- a) O sinal de interrupción.
- b) As interrupcións.
- c) Os datos.
- d) As direccións.

48.- O radioenlace last-mile ou de acceso:

- a) Une dous nodos repetidores próximos.
- b) Une un nodo repetidor ca rede troncal se a distancia é menor de 1 milla.
- c) Une o repetidor coa localización do usuario.
- d) É un enlace por radio entre dous puntos situados a curta distancia.

49.- Se no nodo do operador utilizas unha antena de certo ancho de feixe para radiar ós clientes, é posible utilizar esa antena en modo PtMP (punto-multipunto) para dar servizo a varios clientes?.

- a) Para traballar en PtMP é obrigatorio usar antenas MIMO (Múltiples Entrada e Múltiples Saídas).
- b) En modo MtMP só se pode usar se é para enlaces unidireccionais broadcast.
- c) Non, as interferencias entre os sinais dos distintos clientes fano imposible.
- d) Si, pero depende da tecnoloxía e o software que se utilice.

50.- Queremos emitir dous streams espaciais (fluxo de datos que se transmite de forma independente) no mesmo instante de tempo, e na mesma frecuencia. ¿Cal é o caso máis óptimo?:

- a) Usar unha antena MIMO (Múltiples Entrada e Múltiples Saídas) 2x2 sen polarización.
- b) Mediante o uso de antenas de dobre polarización con dúas tomas independentes.
- c) Mediante o uso de Antenas Omni-direccionais.
- d) Ningún, non se poden emitir dous sinais no mesmo instante de tempo, e na mesma frecuencia; interferiríanse un ao outro.

51.- Para mellorar unha ROE demasiado elevada:

- a) Axustamos o sistema para que a impedancia da antena coincida coa da liña de transmisión.
- b) Desfasamos o sinal para minimizar a onda estacionaria.
- c) Poñemos un retardador de onda entre a liña de transmisión e a antena.
- d) Poñemos un atenuador de onda estacionaria entre o transmisor e a liña de transmisión.

52.- Que ganancia de lazo cerrado debe ter un oscilador para manter as oscilacións?

- a) A ganancia de lazo non ten importancia.
- b) -1.
- c) 10 dB.
- d) 1.

53.- Cal das seguintes modulacións transmite máis bits por símbolo?

- a) QPSK.
- b) OOK.
- c) BPSK.
- d) 2-FSK.

54.- Nunha modulación 256-QAM, temos:

- a) 256 bits por símbolo.
- b) 8 símbolos posibles.
- c) 8 bits por símbolo.
- d) As demais respostas son falsas.

55.- Á potencia recibida se lle chama (que un dispositivo recibe dun transmisor):

- a) P_{tx} .
- b) RSSI.
- c) C/N.
- d) FEC.

56.- Na banda de 2.4 GHz, os canais Wi-Fi...

- a) Teñen unha banda de guarda de 200 kHz (zona libre entre dous canais).
- b) Teñen un ancho de 80 MHz, e unha separación de 5 MHz entre eles.
- c) Teñen un ancho de 20 MHz, e unha separación de 5 MHz entre eles.
- d) Teñen un ancho de 20 MHz, e unha separación de 20 MHz entre eles.

57.- Sinala a opción correcta para completar a frase: Os esquemas de circuítos electrónicos...

- a) Búscanse na internet nas webs que recompilan os estándares.
- b) Debúxanse mediante símbolos normalizados e reflectindo o estado de repouso do circuítu.
- c) Debúxanse mediante símbolos e reflectindo a actividade do circuítu.
- d) Representáanse mediante símbolos normalizados que son únicos para cada circuítu.

58.- Para axudarnos a realizar un mantemento correctivo sobre un circuítu electrónico utilizaremos o:

- a) Esquema correspondente á súa patente.
- b) Esquema Xeral de bloques.
- c) Esquema de funcionamento ou funcional.
- d) Esquema do circuítu equivalente.

59.- O nivel de rizado dunha fonte de alimentación de corrente continua

- a) Mide a variación de intensidade de corrente que entrega a fonte de alimentación.
- b) É regulable para poder adaptalo ás distintas características do dispositivo ou circuítu a alimentar.
- c) Non existe, xa que se trata dun parámetro exclusivamente das fontes de alimentación de corrente alterna.
- d) É a amplitude da variación da tensión de saída cando se proporciona a máxima corrente de saída.

60.- Que dispositivo converte corrente alterna en continua?

- a) Transistor.
- b) Rectificador.
- c) Resistor.
- d) Xerador de sinais.

61.- Na edición e creación de compoñentes para a súa simulación, os circuítos integrados incluídos nas librerías.

- a) Non se poden modificar.
- b) Poden non ter as patillas de alimentación.
- c) Hai que reprogramar o seu código de simulación para as circunstancias de cada simulación.
- d) Non hai librerías de circuítos integrados, débense de realizar partindo dos seus elementos básicos.

62.- Na creación dun compoñente para a súa simulación electrónica debemos crear a pegada do compoñente?

- a) Non, a pegada é o resultado da simulación do comportamento do compoñente nun circuíto determinado.
- b) Non existe a pegada dun compoñente.
- c) Si, é necesaria para poder usalo nunha simulación.
- d) Non, a pegada refírese a algúns aspectos da parte física do compoñente e é útil para a súa montaxe nun circuíto real.

63.- As placas de circuíto impreso THT

- a) Son placas de montaxe superficial.
- b) As súas siglas significan Technology for High Temperature (Tecnoloxía para altas temperaturas).
- c) Son placas de orificio pasante.
- d) Son placas que se usan cando os circuítos van a traballar en contornas de baixas temperaturas (inferiores a 12º C).

64.- Que rixidez mecánica debe ter unha placa de circuíto impreso?

- a) Debe ser o bastante ríxida como para que sirva de soporte aos compoñentes do circuíto.
- b) As placas de circuíto impreso só deben ter características eléctricas e non mecánicas.
- c) Deben ser bastante flexibles para poder dobralas para a súa almacenaxe e transporte.
- d) Canta maior rixidez posúe, o material illante terá maior condutividade.

65.- Á hora de montar un circuíto electrónico nunha placa de circuíto impreso a IET (Inspección Eléctrica entre Terminais ou Inspección de Continuidade) realízase:

- a) Só na placa sen montar compoñentes.
- b) Só unha vez que todos os compoñentes estean montados.
- c) Pode ter dous niveis de comprobación, con e sen os compoñentes montados.
- d) Débese comprobar independentemente por unha banda a continuidade dos compoñentes e por outra os circuítos sen montar.

66.- A medida da resistencia de toma de terra realízase cun:

- a) Medidor da resistencia de illamento.
- b) Óhmetro.
- c) Telurómetro.
- d) Ningunha das respostas é correcta.

67.- Cal das seguintes correntes de fuga considérase aceptable nunha instalación eléctrica de baixa tensión, nunha contorna normal, protexida cun interruptor diferencial de 30 mA?

- a) 20 mA.
- b) 30 mA.
- c) 25 mA.
- d) 3 mA.

68.- O mantemento que se realiza de maneira sistemática e periódica, aínda que non exista ningunha avaría coñecida recibe o nome de:

- a) Mantemento predictivo.
- b) Mantemento correctivo.
- c) Mantemento preventivo.
- d) Mantemento proactivo.

69.- A porcentaxe de tempo en que unha instalación estivo funcionando en ausencia de fallo, en comparación co tempo total, recibe o nome de:

- a) Porcentaxe de servizo.
- b) Dispoñibilidade.
- c) Taxa de Rendemento.
- d) Índice de confiabilidade.

70.- Nun plan de mantemento preventivo para equipos electrónicos, cal das seguintes opcións é a estratexia máis adecuada para optimizar os recursos e minimizar tempos de inactividade?

- a) Planificar todas as actividades de mantemento ao mesmo tempo para optimizar a dispoñibilidade de persoal ante avarías.
- b) Realizar mantemento preventivo só sobre os equipos que máis frecuentemente fallan, monitorizando o resto.
- c) Planificar o mantemento preventivo baseándose na condición dos equipos, realizando intervencións segundo a vixilancia continua de parámetros críticos.
- d) Programar o mantemento preventivo en períodos irregulares para evitar rutinas.

71.- Que significan as siglas RAEE no ámbito de equipos eléctricos e electrónicos e a normativa de xestión de RAEE (Directiva 2012/19/UE e o Real Decreto 110/2015)?

- a) Reciclaxe de Aparellos Eléctricos e Electrónicos
- b) Reparación de Aparellos Eléctricos e Electrónicos

- c) Rehabilitación de Aparellos Electrónicos e Eléctricos
- d) Residuos de Aparellos Eléctricos e Electrónicos

72.- Temos un soldador de gas con acendido piezoeléctrico da chama e un soldador eléctrico; os dous para tarefas de mantemento electrónico. Se se refugan, deben cumprir a normativa de xestión de RAEE?

- a) Son os dous AEE (Aparellos Eléctricos e Electrónicos) e deben cumprir esta normativa.
- b) Só debe cumprila o soldador de gas con aceso piezoeléctrico.
- c) Só debe cumprila o soldador eléctrico.
- d) Non debe cumprila ningún dos dous por ser aparellos para soldar.

73.- Cal é a norma ISO que establece os requisitos para implementar un sistema de xestión da calidade (SGC) nunha organización?

- a) ISO 14001.
- b) ISO 26000.
- c) ISO 9001.
- d) ISO 39001.

74.- Unha vez que xa se obtivo a certificación ISO para implementar un sistema de xestión da calidade, a validez do certificado é de:

- a) 1 ano.
- b) 3 anos.
- c) 5 anos.
- d) É válido mentres non se produzan cambios significativos nos sistemas de xestión da calidade.

75.- Entre os principios fundamentais dun sistema de xestión da calidade atópase o:

- a) Enfoque á calidade das subministracións.
- b) Enfoque ao cliente.
- c) Enfoque aos provedores.
- d) Enfoque á eficiencia económica.

76.- Segundo o Real Decreto 286/2006, que debe facer a empresa para avaliar os niveis de ruído aos que están expostas as persoas traballadoras?

- a) Consultar aos traballadores.
- b) Realizar unha avaliación baseada na medición dos niveis de ruído.
- c) Contratar a unha empresa externa.
- d) Ignorar os niveis de ruído.

77.- Cal dos seguintes NON é un bloque funcional típico nun sistema de son?

- a) Xerador de tons.
- b) Secuenciador.
- c) Efectos.
- d) Modulador de frecuencia.

78.- Que tipo de perturbación pode afectar a un sistema de son nunha sala?

- a) Reverberación excesiva.
- b) Temperatura do aire.
- c) Cor das paredes.
- d) Altura do teito.

79.- Na reparación de equipos de audio, que ferramenta se utiliza para inxectar sinais de proba?

- a) Multímetro.
- b) Osciloscopio.
- c) Xerador de sinais.
- d) Analizador de espectro.

80.- Nun sistema de son, que dispositivo se utiliza para mesturar múltiples sinais de audio?

- a) Amplificador.
- b) Ecuador.
- c) Mesturador.
- d) Compresor.

81.- Cal dos seguintes NON é un software de reparación de arquivos de audio?

- a) Adobe Audition.
- b) iZotope RX.
- c) Blender.
- d) Avid Pro Tools.

82.- Cal é a función principal dun ecualizador gráfico?

- a) Amplificar o sinal de audio para aumentar a súa potencia.
- b) Axustar o nivel das diferentes bandas de frecuencia para modificar o balance tonal.
- c) Converter sinais analóxicas en dixitais.
- d) Eliminar completamente o ruído de fondo do sinal de audio.

83.- Cal é a función principal dun procesador de efectos nun sistema de audio?

- a) Amplificar o sinal de audio.
- b) Modificar o son do sinal de audio.
- c) Distribuír o sinal de audio a diferentes saídas.
- d) Converter o sinal de audio analóxica a dixital.

84.- Que tipo de software é o adecuado para xestionar as ordes de traballo no mantemento de equipos de vídeo?

- a) ERP.
- b) CRM.
- c) GMAO.
- d) CAD.

85.- Na verificación do funcionamento de equipos de vídeo, que instrumento é esencial para visualizar sinais eléctricos?

- a) Multímetro.
- b) Osciloscopio.
- c) Termómetro.
- d) Analizador de espectro.

86.- No mantemento de equipos de gravación de vídeo, que compoñente adoita requirir limpeza periódica?

- a) Cabezais de gravación.
- b) Pantalla LCD.
- c) Altosfalantes.
- d) Botóns de control.

87.- Que ferramenta se utiliza para medir a calidade do sinal de vídeo?

- a) Voltímetro.
- b) Vectorscopio.
- c) Amperímetro.
- d) Videomultímetro.

88.- Na reparación de avarías en equipos de visualización de vídeo, que compoñente é común que falle en pantallas LCD?

- a) Condensadores.
- b) Resistencias.
- c) Transistores.
- d) Inductores.

89.- Que parámetro é importante verificar no mantemento de equipos de captación de vídeo?

- a) Velocidade de obturación.
- b) Temperatura da cor.
- c) Nivel de audio.
- d) Todas as respostas son parámetros importantes.

90.- Que tipo de equipos audiovisuais requiren maior atención en canto a mantemento debido ao seu alto fluxo de aire?

- a) Cámaras de vídeo.
- b) Proxectores e ordenadores.
- c) Micrófonos.
- d) Cables de conexión.

91.- Na reparación de avarías de equipos de gravación de vídeo, que tipo de fallo é común nos magnetoscopios?

- a) Fallos de software.
- b) Fallos mecánicos.
- c) Fallos de rede.
- d) Fallos de son.

92.- Nun CPE (Customer Premises Equipment - Equipo nas instalacións do cliente) que se conecta á rede do operador mediante fibra óptica. A que tipo de porto se denomina ATA?

- a) Adaptador de Teléfono Analóxico
- b) Adaptador de Transmisión Asíncrona
- c) Analogic Transfer Adapter (Adaptador de Trasferencia Analóxica)
- d) Authentication Token Accessport (Porto de acceso para autenticación mediante Tokens)

93.- Que protocolo de sinalización usan as redes FTTH/GPON para VoIP:

- a) SIP.
- b) ADSL.
- c) PSVIP.
- d) GPON.

94.- A diferenza clave entre as antigas POTS (Plain Old Telephone Service ou Servizo Telefónico Básico) e RDSI (dixital) con respecto á nova telefonía IP é o cambio de:

- a) Terminais de usuario.
- b) A calidade de transmisión do audio.
- c) Teléfonos fixos a teléfonos sen fíos.
- d) Conmutación de circuítos a conmutación de paquetes.

95.- Nun comprobador de rede, o inxector de sinal serve para:

- a) Introducir un sinal na rede e medir só a lonxitude do cable.
- b) Introducir un sinal na rede e medir só a atenuación do cable.
- c) Recoñecer a continuidade dun par mesmo sen chegar a tocalo.
- d) Mediante reflexión do sinal inxectado medir a lonxitude e atenuación do cable.

96.- Que blindaxe ten un cable Cat 6 UTP?

- a) Dobre blindaxe, de cada par e do cable nas súas conxunto.
- b) Blindaxes de pares individuais.
- c) Blindaxe global.
- d) Ningún.

97.- Cal é o tipo de multiplexación utilizado en fibra óptica?

- a) SDM.
- b) WDM.
- c) TDM.
- d) FDM.

98.- Cal destes dispositivos é un emisor de redes sen fíos?

- a) Conmutador ou switch.
- b) Encaminador ou router.
- c) Punto de acceso.
- d) Concentrador ou hub.

99.- Que parámetro de equipos de transmisión se expresa como unha ganancia negativa?

- a) Relación sinal/ruído.
- b) Atenuación.
- c) Factor de ruído.
- d) Ganancia de potencia.

100.- Que é OSPF?

- a) Un protocolo de direccionamiento.
- b) Un protocolo de encamiñamento.
- c) Unha técnica empregada en VLSM.
- d) Un software de recoñecemento xeral de computadores.

PREGUNTAS DE RESERVA

CONTESTAR NA FOLLA DE RESPOSTAS DO NÚMERO 141 AO 144

R1.- Cales son bloques funcionais dun sistema de audio profesional?

- a) Fonte de son, preamplificador, ecualizador, amplificador, altofalante.
- b) Micrófono, mesturador, procesador de efectos, amplificador, altofalante.
- c) Fonte de son, preamplificador, procesador de efectos, amplificador, altofalante.
- d) Todas as respostas son correctas.

R2.- Cal é un dos beneficios principais do mantemento preventivo en equipos audiovisuais?

- a) Aumentar o custo de operación.
- b) Reducir a vida útil do equipo.
- c) Previr accidentes fortuítos.
- d) Diminuír a calidade da imaxe.

R3.- No mantemento de equipos de audio, que instrumento se utiliza para medir os niveis de presión sonora?

- a) Osciloscopio.
- b) Multímetro.
- c) Sonómetro.
- d) Analizador de espectro.

R4.- Segundo o Convenio Colectivo da CRTVG (DOG nº 167, do 2 de setembro de 2015), a que nivel salarial pertence a categoría de Técnico/a Electrónico/a:

- a) Nivel 1.
- b) Nivel 2.
- c) Nivel 3.
- d) Nivel 4.